

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 1 DE OUTUBRO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18.04 horas do día 1 de outubro de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado (quen se ausenta ás 19.12 h, durante o punto 10º da orde do día), Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 05.08.2015

Non habendo obxeccións, a acta queda aprobada.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 694/2015 á 1094/2015

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do período medio de pagamento global aos provedores e do informe sobre o cumprimento das previsións das medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao 2º trimestre do 2015

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta do informe de intervención sobre as abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 2º trimestre do 2015

Os concelleiros danse por informados.

5. Aprobación, se procede, do expediente da aprobación definitiva da modificación puntual núm. 1 do plan parcial do polígono industrial de Vilar do Colo

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 22.09.2015 por 7 votos a favor (3 do grupo do PP, 2 do grupo do BNG, 1 do grupo socialista e 1 do grupo Somos Fene), cunha abstención do grupo mixto:



“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: aprobación definitiva da modificación puntual núm. 1 do Plan parcial do Polígono industrial de Vilar do Colo

A Xunta de Goberno Local en sesión de 19.03.2015 acordou a aprobación inicial da modificación puntual núm. 1 do Plan parcial do Polígono industrial de Vilar do Colo.

O prazo de exposición ao público transcorreu sen que se presentaran alegacións e os informes sectoriais solicitados teñen sentido favorable, ben por seren emitidos con tal carácter ou por ter transcorrido o prazo legal para consideralo así.

A secretaria municipal emitiu un informe favorable 119/2015, do 2 de setembro, á aprobación definitiva.

Visto o que antecede, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Aprobar definitivamente a modificación puntual núm. 1 do Plan parcial do Polígono industrial de Vilar do Colo

SEGUNDO.-Publicar este acordo no prazo dun mes no DOGA e a normativa e ordenanzas no BOP da Coruña.

TERCEIRO.-Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dándolle traslado de de dúas copias autenticadas e dilixenciadas pola secretaria municipal da modificación puntual definitivamente aprobada.

Fene, 18 de setembro de 2015
O alcalde
Juventino José Trigo Rey”

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.-Aprobar definitivamente a modificación puntual núm. 1 do Plan parcial do Polígono industrial de Vilar do Colo

SEGUNDO.-Publicar este acordo no prazo dun mes no DOGA e a normativa e ordenanzas no BOP da Coruña.

TERCEIRO.-Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dándolle traslado de dúas copias autenticadas e dilixenciadas pola secretaria municipal da modificación puntual definitivamente aprobada.

6. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal Socialista para retirar a Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección de seguridade cidadá (Lei mordaza)

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 26.08.2015 por 5 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista, 1 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE PARA RETIRAR A LEI ORGÁNICA 4/2015, DE 30 DE MARZO, DE PROTECCIÓN DE SEGURIDADE CIDADÁ (LEI MORDAZA).

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene desesxa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PP aprobou o pasado 11 de decembro, en solitario, a súa Lei de Seguridade Cidadá coa oposición frontal do PSOE. Trátase dunha "lei mordaza" que rompe o espírito da Constitución e que o PSOE procederá a derogar en canto regrese ó Goberno. Esta lei non ó non contou co respaldo parlamentario dos partidos da oposición se non que foi recorrida ante o Tribunal Constitucional por unha ampla maioría dos mesmos: o PSOE promoveu o recurso de inconstitucionalidade contra a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá, xunto coa Esquerda Plural (IU, ICV-EUiA), UPyD, Compromís-Equo e Coalición Canaria.

Non existe unha demanda social para unha norma absolutamente innecesaria, que supón un recorte de dereitos políticos e civís recollidos na Constitución, polo que o único que busca o Goberno é un retorno ó Estado policial.

Rajoy está a demostrar ser o presidente máis retrógrado da democracia española, está a legislar soamente para a dereita máis extrema e está a aprobar recortes en dereitos e liberdades en cada Consello de Ministros que se celebra.

É evidente que o Goberno lle ten medo á contestación social, moléstalle e convirte á cidadanía que protesta en cidadáns e cidadás baixo sospeita. A lei mordaza é unha lei desmesurada e desproporcionada, tanto polas restricións que contempla como polo agravamento das contías das multas. Busca castigar máis, ofrecendo menos garantías xurídicas á cidadanía.

Con esta lei, por citar varios exemplos, poderase castigar con ata 30.000 euros unha manifestación para impedir un desafuzamento ou con ata 600 euros as faltas leves, que son as máis comúns. Poderase multar a quen difunda imaxes de antidisturbios golpeando sen necesidade a manifestantes, ou considerar unha ameaza á seguridade cidadá negarse a mostrar o DNI. Ademais, os que participan nunha manifestación espontánea, isto é, non notificada previamente á Delegación do Goberno – cousa que ocorre no 50% das protestas- poderán ser tamén multados.

Ó Goberno do PP lle molesta a xente na rúa, pero o problema non son os cidadáns e cidadás que critican a acción do Goberno e a súas políticas antisociais. Se a dereita gobernante quere frear as protestas sociais que tanto lle perturban, o que debe facer é rectificar a súa política económica e botar freo á desigualdade, pero non arremeter contra o cidadán que protesta na rúa. Con esta lei, o PP demostra que non acepta o dereito a queixa e á discrepancia.

É evidente que coa escusa da crise, o PP recortou os dereitos sociais. Agora, coa escusa da seguridade, busca cernar as liberdades políticas e civís. Un novo recorte de dereitos que se suma ós xa perpetrados durante estes tres anos do PP en educación, sanidade, dereitos laborais, xustiza.

Os socialistas seguiremos a traballar para preservar a cohesión social, a liberdade e a igualdade de oportunidades de toda a cidadanía, impulsando dende os municipios as prestacións necesarias de servizos sociais e promovendo a reinserción social das persoas en maior risco de vulnerabilidade. Medidas de prevención, que, dende as entidades locais, poden asegurar o desexable benestar da nosa cidadanía e os seus dereitos e liberdades, e axudar a "minimizar" o efecto da mal chamada Lei de Protección de Seguridade Cidadá.

Por estas razóns expomos que o PP retire a "lei mordaza", porque lima a cohesión social, cuestiona frontalmente o Estado de Dereito e limita os dereitos e liberdades de cidadanía que conquistamos nestes anos de democracia dende que se aprobou a Constitución no ano 1978.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de FENE somete a votación a seguinte MOCIÓN para ser aprobada e na que se insta ó Goberno de España a:

Retirar a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá (Lei Mordaza) porque restrinxen indebidamente o exercicio dos dereitos e as liberdades da nosa cidadanía e representa un ataque frontal ó noso Estado de Dereito.

3 de agosto de 2015

Asdo.: Antón Lois Noceda Carballoç



Voceiro Municipal do Grupo Socialista,”

Abre o turno de intervencións o voceiro do grupo do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que anuncia o voto en contra do seu grupo polas propias razóns que expón a moción: que foi aprobada o 11.12.2014, o PSOE recorreu ante o TC e, polo tanto, non sabe o que se vén debater aquí, inda que outra cousa é que se empregue para facer demagogia.

Engade que aquí non se trata de restrinxir manifestacións, xa que é un dereito constitucional; outra cousa é que se formen de forma espontánea para facer algaradas, algo que ocorre en Madrid constantemente.

Non entende que é o que parece mal desta lei, xa que prohibe as identificacións indiscriminadas, que os cacheos non duren máis de seis horas, ademais de buscar erradicar a violencia e os actos vandálicos recollendo o principio de responsabilidade solidaria, o que xa se fixo hai anos no País Vasco e que serviu para que cesara a kale borroka.

Prosegue dicindo que unha das cousas que máis altera á poboación son aqueles delitos menores como escachar unha cristaleira dun comercio de forma continua, xa que xera inseguridade e agora esta reincidencia deixa de tratarse como una falta, o que ve correcto; como tamén ve ben que se responsabilice a menores ou a quen se tapa a cara.

En definitiva, entende que esta lei conta con cousas moi razoables e xa pasou un ano dende a súa aprobación sen que dera problemas, máis grave era a Lei Corcuera, a da “patada na porta”, polo que traer esta moción aquí agora é demagogia.

De seguido intervén a voceira do grupo mixto, María Carmen Martínez Rodríguez, que destaca algunha das multas que se puxeron ata o de agora segundo a Lei mordaza: unha multa de 600 euros que se lle puxo a unha persoa por comentar nas redes sociais que a Policía Local tiña unhas instalacións máis grandes que na guerra civil e que só lles faltaba que lles puxeran unhas caipiriñas e unhas hamacas; outra multa de 600 euros por comentar nunha rede social que se chamou á Policía Local por unha emerxencia e non se presentaron; a unha muller de Alacante lle impuxeron 800 euros por subir a unha rede social a fotografía dun coche de policía aparcado nunha praza de discapacitados, os axentes sentíronse atacados polo seu erro e consolaron á muller dicíndolle que a multa podería ser peor porque lle poderían ter multado ata con 30.000 euros.

Sorpréndelle que esta sexa a lei coa que se quere protexer ao cidadán. O voceiro do grupo municipal do PP dixo que non se restrinxía o dereito á manifestación e que outra cousa é que se xunten catro amigos para facer unha algarada, pero non falou das cousas que prohibe ou sanciona, así impón entre 601 e 30.000 euros por gravar ou fotografar aos antidisturbios nas súas intervencións, como pode ser dando leña nalgunha manifestación: todos teñen visto algunha actuación policial fóra do que lle correspondería. De feito existen varias sentenzas, entre a que destaca a do Xulgado de Instrución núm. 11 de Madrid que avala que os cidadáns poidan filmar á policía durante as manifestacións públicas.

Tampouco falou das sancións por presentarse ou tratar de impedir un desafuzamento e di que debería ser o goberno e non os veciños quen impedisese este tipo de actos. Esta lei só a aprobou o Partido Popular, botou 16 meses no caixón e alí debería estar porque non atende ao sentido común. Trátase dunha lei que tivo en contra a moitos colectivos, mestres, avogados, catedráticos, cineastas, marchas da dignidade, plataformas das hipotecas e outras, é dicir, a maioría dos cidadáns do Estado. Polo visto, non existe unha demanda social para crear esta lei e si houbo outras demandas importantes e que o Partido Popular non recolleu, como a protección do cidadán fronte aos desafuzamentos, como unha lei que ofrezca protección sanitaria para todas as persoas de onde veñan ou procedan, unha lei que garanta alimentos a todas as familias, ou estudos ou xustiza. Respecto dos antidisturbios, di que son os primeiros en tapar a cara e o número de identificación para que non se poidan emprender accións contra eles. Por todo isto, votará a favor desta moción e o subirá ás redes sociais para que sexa de dominio público, aínda que a poidan sancionar.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que rexeita todo tipo de medidas que coarten a liberdade de expresión a nivel individual e colectivo. O Partido Socialista aplicou a Lei mordaza no seu momento coa Lei da patada na porta do ministro Corcuera, xa que sempre que hai un momento de crise, a forza política que governe tomará medidas. Lembra que participou en manifestacións fronte aquela lei e se as houberse fronte a esta participaría igual que o fixo daquela. É certo que estamos nun momento de crise, que



hai violencia, rotura de cristais e demais, pero para isto está o Código Penal e non é preciso facer unha lei que coarte a liberdade de expresión e manifestación, que o único que pretende é impedir a manifestación do descontento da sociedade por cuestións sociais. Por todo iso, anuncia que votará a favor da moción.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que anuncia que o seu grupo votará a favor xa que esta lei recorta máis as liberdades dos cidadáns e pretende que non se poidan expresar as opinións na rúa, incluso limita a liberdade de expresión da prensa.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que quere lembrarlle á voceira do grupo mixto municipal que cando as forzas da seguridade do Estado se extralimitan é un delito, e como tal é denunciabile e pode ser levado fronte aos tribunais. Por outro lado, di que calquera tipo de sanción pode ser recorrible.

Seguidamente contesta a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que normalmente nestes casos "vanse de rositas", cousa que non lle ocorre aos cidadáns.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista, 2 do grupo Somos Fene e 1 do grupo mixto), con 7 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Instar ao Goberno de España a retirar a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá (Lei Mordaza) porque restrinxen indebidamente o exercicio dos dereitos e as liberdades da nosa cidadanía e representa un ataque frontal ó noso Estado de Dereito.

7. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal socialista para reducir o IVE cultural

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 25.09.2015 por 5 votos a favor (1 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

"De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de setembro de 2012, o Goberno do Partido Popular impuxo unha drástica subida do IVE Cultural sobre o consumo dos seus bens e servizos, con excepción do sector do libro, fixándoo na franxa máis alta de toda Europa: o 21%. Esta medida non tivo o impacto recadatorio desexado e supuxo un claro golpe para a cultura, tanto no referido á creación como no acceso á mesma pola cidadanía.

Os datos do Ministerio de Facenda revelan que a subida do IVE Cultural supuxo unha recadación menor da esperada, á vez que prexudicou gravemente ao sector cultural español cunha perda constante de público, unha drástica diminución na creación e produción e, conseguintemente, cun aumento do paro e a destrución do tecido empresarial en sectores como o cinema, o teatro e a música.

Convén lembrar que, en termos económicos, a actividade cultural en España ascendeu a máis de 26.000 millóns de euros no 2012 (último dato publicado: Anuario de Estatísticas Culturais 2014), e a súa achega ao PIB sitúase no 3,4 %, incluídas as actividades vinculadas á propiedade intelectual. Isto supón un peso similar ou superior, no conxunto da economía, ao xerado polos sectores da agricultura, gandaría e pesca (2,5% PIB), a industria química (1% PIB) ou as telecomunicacións (1,7% PIB).



A subida desproporcionada do IVE está a prexudicar gravemente á Cultura como sector de oportunidade de crecemento económico e tamén ás posibilidades de acceso á mesma por parte da cidadanía.

A fiscalidade aplicada aos produtos da creación é unha tremenda mostra de miopía por parte deste Goberno; a Cultura, coas súas diferentes manifestacións e sensibilidades, enriquece, facilita e fortalece a convivencia na sociedade, e é un dos elementos básicos da nosa proxección internacional, sendo todo iso un dos mellores legados para as xeracións futuras.

As administracións locais non son alleas a esta problemática de forma directa. Moi ó contrario, na súa función de dinamizadoras e promotoras culturais, nalgúns casos cun papel principal, son tamén prexudicadas con esta medida.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal desta MOCIÓN para instar ó Goberno de España a:

1. Reconsiderar a subida do IVE para os bens e actividades culturais, establecendo o seu tipo no 5%, mantendo o 4% para o libro.
2. Propor e defender no seo das Institucións da UE, o establecemento dun IVE reducido para a Cultura e que estea harmonizado en todo o territorio da Unión.

setembro 2015
Antón Lois Noceda Carballo
Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o IVE aféctalle a un importante sector produtivo deste país, entendendo a cultura tanto como un valor intrínseco como por un valor económico que acadou 6.000 millóns de euros no 2012, un 3,4% do PIB. A industria cultural está hoxe atacada e por unha medida do Partido Popular que dende o 2012 impuxo unha suba do IVE cultural que afectou a asistencia do público e a produción de cultura que o fixo retraerse a niveis de hai oito anos, así hoxe é moi estraño ver unha compañía galega que poña máis de catro actores no escenario, a maior parte da produción destes últimos anos limítase como moito a un par de actores sobre as táboas debido aos suplementos dos custes desta medida que cualifica como inxustificada, chegando a situacións esperpénticas como que a pornografía en papel ten un IVE dun 4% e unha obra teatral ou musical ten un IVE dun 21%. Isto non hai quen o sosteña, nin polos custes que xerou nin polos agravios comparativos; ademais, España destaca por ter o IVE cultural máis alto de toda a Unión Europea.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que anuncia que o seu grupo se vai abster. Estase a falar dunha medida do 2012, ano no que houbo unha suba xeneralizada de impostos, non só do IVE cultural, provocada pola situación no que quedou o país logo do goberno do Sr. Zapatero. A partir disto, cos novos datos económicos cos que se está a traballar hoxe, xa houbo unha rebaixa do IRPF e o propio goberno manifestouse a favor de estudar o contexto no que se levase a cabo a redución do IVE cultural. Pensa que é un tema do goberno central e que é moi probable que se tome esa decisión, que persoalmente lle parece ben e ademais cualifica como lóxica. Seguro que o goberno vai revisar este e os demais IVE, por iso roga que a vindeira vez que se presente unha moción así se inclúan os demais impostos, xa que neste Pleno tamén se debateu o IVE das perruquerías. Anuncia a abstención, considera que non vén ao caso e que no seu momento o goberno tomará as medidas que teña que tomar.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que no 2012 cando a suba do IVE, EU presentou unha moción ante este Pleno que foi aprobada respecto de todo o IVE. En todo caso vai votar a favor, igual que fixo coa moción do IVE das perruquerías. Gustaríalle que se revisase tamén o IVE do calzado, da roupa, os complementos, cousas de uso básico e demais produtos básicos. Por todo isto votará a favor.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que apoiarán a moción.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di, igual que dixo o voceiro do grupo municipal do PP, que a lei é do 2012 e dende aquela lévase moito tempo pedindo non só a rebaixa do IVE cultural,



senón a rebaixa do IVE das perruquerías e a rebaixa xeral do IVE, segundo dixo a voceira do grupo mixto municipal. O que pasa é que nos últimos meses do ano 2015, en plena efervescencia electoral, o propio goberno fai declaracións constantes, así o presidente xa declarou en marzo que baixaría o IVE cultural do 21% ao 10%. Isto tamén o dixo o ministro de Cultura, aínda que o ministro de Facenda dixo que non. Estas contradicións do goberno contribúen a que o BNG apoie esta moción, porque é preciso darlle un empurrón máis ao goberno para que o baixe canto antes.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que anima ao grupo municipal do PP a que non quede en solitario neste Pleno. Se non o fan porque considera que a medida é incompleta ou oportunista ofreceralle dous datos: dende o 2012 o 25% das produtoras musicais de Galicia pecharon e dende aquela as compañías de teatro galegas que están a punto de pechar son a metade. Isto é un sector en emerxencia e rógalle que, amparados nos datos, fagan un esforzo de xenerosidade e aposten por esta moción.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que dende que comezou a crise pecharon talleres, comercios, teatros e demais actividades ao contrario do que está pasando agora, que están comezando a abrirse negocios.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista, 2 do grupo Somos Fene e 1 do grupo mixto), con 7 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Instar ao Goberno de España a:

- 1. Reconsiderar a subida do IVE para os bens e actividades culturais, establecendo o seu tipo no 5%, mantendo o 4% para o libro.**
- 2. Propor e defender no seo das Institucións da UE, o establecemento dun IVE reducido para a Cultura e que estea harmonizado en todo o territorio da Unión.**

8. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal socialista relativa á crise migratoria e a situación dos refuxiados que chegan a Europa

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 25.09.2015 por 5 votos a favor (1 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“Consta no expediente a moción do grupo municipal do PSOE do 07.09.2015, que copiada di:

“De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de FENE desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Só o conflito en Siria provocou o desplazamento de 4.000.000 de persoas según ACNUR. En Turquía permanecen ó redor de 2.000.000. Líbano, Iraque, Xordania, Exipto e outros países norteafricanos repártense case a totalidade do resto.

Algúns refuxiados preferiron continuar camiño, por iso, entre outras nacionalidades, moitos sirios forman parte das 264,000 persoas que chegaron ó territorio da Unión Europea a través do Mediterráneo dende xaneiro ate o 14 de agosto de este ano 2015, según ACNUR.

A traxedia de Lampedusa en outubro de 2013, na que morreron 368 persoas, marcou un desgraciado hito na Unión Europea. As reaccións dos dirixentes comunitarios e nacionais induxéronos a pensar que se poderían en marcha solucións para que non se volvese a repetir unha traxedia humana destas dimensións. Por desgracia, dous anos despois seguimos a asistir a mortes non só no Mediterráneo,



se non en todo o territorio europeo, de persoas inocentes cuxo único propósito é fuxir da guerra ou da miseria. Hoxe a traxedia é que miles de persoas desesperadas que fuxen da morte, están dispostas a arriesgar a súa vida e, en demasiadas ocasións, a perdela.

Non podemos aceptar como inevitables as traxedias humanas que viven os refuxiados nin as mortes de persoas que afogan no Mediterráneo ou se asfixian encerrados nun camiión. Non os podemos deixar a mercé dos traficantes de persoas sen escrúpulos no camiño hacia un futuro mellor, porque se non teñen outra alternativa na súa fuxida, seguirán a arriscar as súas vidas.

Ainda que Europa non esté a acoller en términos relativos ó maior número de refuxiados nesta crise humanitaria, o certo é que as capacidades de moitos países estanse a ver desbordadas. Nesta crise, a ruta de entrada a Europa atópase lonxe de España. Maioritariamente, as vías de entrada con destino ós países do Norte atópanse en Grecia e Italia. Sen embargo, a crise está a poñer a proba a todos os dirixentes europeos porque case todos eles están sendo afectados por ela, dunha maneira ou de outra.

A dimensión da crise é inabordable por ningún país en solitario. Nestas circunstancias é necesario que todos os países se involucren ó máximo en buscar solucións ós problemas e dende a Comisión europea fixéronse propostas para que todos os países da Unión

actúen conforme ó principio de solidaridade. Sen embargo, o Goberno de España, xunto a outros, parece máis interesado en desvincularse dun problema que hoxe non lle afecta de cheo que en ter unha actitude proactiva e solidaria.

Dende logo que non existen fórmulas sinxelas para acometer todas as actuacións que é necesario abordar para mitigar un problema que resulta de máxima complexidade na súa raíz e nas súas derivadas. Son necesarias medidas nacionais, europeas e internacionais; medidas a curto, medio e longo prazo; plans e perspectivas novas para un problema que se manifestou como nunca o fixera.

O Grupo Municipal Socialista quere contribuir con decisión, con iniciativa e dende a mellor disposición ó diálogo, na aportación de algunhas propostas que van na liña de dar pasos adiante. Debemos apartarnos do ensimismamento ou a resignación que non conducen máis que á repetición dos problemas e, por suposto, debemos de abandonar unha posición que non está en consonancia co sentir maioritario dunha cidadanía española que si é solidaria. Aínda está viva na memoria a solidariedade que outros mostraron cos que tamén tiveron que fuxir de España pro motivos da guerra e posterior persecución que viviu o noso país. Dar a espalda a quenés hoxe máis o necesitan é inxusto en sí mesmo, e ademáis, un torpe precedente ante futuras situacións de crise que si podan poñer en cuestión a capacidade do noso país.

Seguramente non serán as única propostas válidas e viables, pero sí consideramos que son os mínimos para comezar a traballar na boa dirección.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN, instando ó Goberno de España a:

- Apoiar todas as vías diplomáticas existentes e promover a creación de cantas resulten necesarias para actuar con determinación na búsqueda da pacificación dos países en conflito.
- Traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea. A Unión debe contar coas competencias para abordar en común os instrumentos de ordenación dos fluxos migratorios, a integración e a cooperación con terceiros países, así como unha autoridade capaz de adoptar decisións executivas cando a situación o requira.
- Reforzar, dende unha perspectiva europea e nacional, o diálogo e a cooperación cos países do Norte de África que permitan unha adecuada atención ós refuxiados e seguir a traballar para evitar a actuación dos traficantes que poñan en perigo as súas vidas.
- Reforzar así mesmo a cooperación cos países en conflito e cos que acollen a un maior número de refuxiados, complementando a asistencia de ACNUR e a Unión Europea.



- Aceptar os solicitantes propostos pola Comisión Europea e aumentar de forma inmediata o presuposto destinado ó asilo e a acollida de refuxiados.
- Deseñar con urxencia un Plan de acollida humanitaria a refuxiados. Este plan debe ter dispostas prazas de acollida dignas, posibilides de escolarización para os menores, atención sanitaria e social, en colaboración coas CCAA e a FEMP.
- Aprobar o antes posible o Regulamento da lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito ó asilo e á protección subsidiaria.
- O concello de Fene comprométese a sumarse á denominada rede de cidades-refuxio preparando dispositivos de acollida e invita á cidadanía a implicarse e colaborar na medida das súas posibilidades na atención e axuda ós refuxiados.
- Desenvolver unha campaña de sensibilización á poboación española sobre a necesidade de contar cunha política de asilo como parte esencial da democracia, o respecto á dignidade humana e ós dereitos humanos, e que así mesmo procure prever a aparición de actitudes racistas ou xenófobas.
- A Corporación Municipal desenvolverá unha Mesa de Apoio a Refuxiados para realizar un traballo estable e permanente que poña en marcha as diferentes medidas para a mellor atención e apoio ós refuxiados.

En Fene a 7 de setembro de 2015.

Antón Lois Noceda Carballo

Voceiro do Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene"

Preséntanse dúas emendas por parte dos grupos do BNG e mixto, que son aceptadas polo grupo socialista, para engadir o que segue:

Emenda do BNG:

- "Instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza".

Emenda do grupo mixto:

- "Insistir na necesidade de destruír todo o arsenal de armas de destrución masiva ABQ (atómico, bacteriolóxico e químico) a nivel mundial, e pedir ao Goberno español que exhorte a nivel internacional a asinar a Convención sobre Armas Químicas de 1997 a todos aqueles estados que aínda non o teñan feito, entre eles Siria e Israel.
- Esixir ao Goberno do Estado que, non só NON participe nesta intervención militar, nin en ningunha outra, senón que non permita o uso das súas bases militares nin do seu espazo aéreo a ningún país que pretenda atacar a Siria ou a calquera outro país."

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que di que presentan esta moción, segundo dixo o seu voceiro anteriormente, para tratar de que o Estado español tome a iniciativa nesta crise. É alarmante que a propia axencia ACNUR estea facendo unha chamada de atención para que todos os membros da Unión Europea movan ficha. Ata o de agora, en ningún momento estase vendo que se mova ningún Estado e todo queda en declaracións. O 14.09.2015 o Consello de Ministros da Unión Europea adoptou o acordo de acoller a 40.000 refuxiados logo de que unhas semanas antes semellaba que había o acordo de acoller a 120.000; isto é a todas luces ineficaz porque dende comezos de ano había 264.000 refuxiados provenientes de Siria. Por desgraza a crise é provocada pola guerra de Siria, o que leva provocado o desprazamento de seis millóns e medio de persoas, dos que catro millóns se desprazaron aos países limítrofes, elevando o drama da guerra, así no Líbano leva rexistrado 1.169.000 refuxiados, Exipto 162.000, Xordania 612.000, Iraq 217.000, Turquía 822.000, máis de tres millóns de refuxiados rexistrados nas oficinas de ACNUR. Esta axencia di que é a traxedia humanitaria máis grave do mundo neste momento e por este motivo preséntase esta moción, para que o Estado español mova ficha.



A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que se non é porque se trata dun asunto bastante serio e grave, co que non se debe facer ningún tipo de demagogia, diría primeiro algunhas cousas que non vai dicir. Con esta moción pregúntalle ao grupo municipal socialista que é o que pretenden?, xa que sae no xornal instando ao alcalde de Fene para que tome as medidas oportunas e pregúntalles si lles parece serio, formando parte deste goberno, solicitarlle isto ao alcalde?, dille que en todo caso deberían solicitarllo dende dentro do Concello pero non nunha nota de prensa, o que lle parece pouco serio, igual que outras forzas políticas que poñían a disposición dos refuxiados os pavillóns. Di que Fene ten pavillón pero non son para meter refuxiados, serán para casos de acomodar e darlles teito onde se poida, cando un poida, nas medidas que poida. Todo isto debe poñerse xa na moción que se presente, en vez de presentar este tipo de mocións "enlatadas" que remiten os partidos políticos. Di que o PP tamén ten unha moción ao respecto, pero non lle parece ben presentala. Di que no caso de presentar unha moción así debería incluír que se Fene ten capacidade para alugar un, dous ou máis pisos, ou para buscar teito nun sitio ou noutro e porse as ordes da FEGAMP e da Xunta de Galicia para canalizar a intención de colaborar, pero non así, facendo demagogia e populismo, porque esta moción podería ser asumida polo seu grupo se non fixera alusións demagóxicas. Di que ademais a moción vén con retraso e non fixeron o seu traballo porque non souberon, nin como grupo político, que o 29.09.2015 na Mesa de Congreso dos Deputados, os grupos parlamentarios, todos os da Cámara, presentaron unha emenda á proposta non de lei do grupo socialista sobre a crise humanitaria dos refuxiados, que foi aprobada, polo que pregúntalles a que vén agora isto aquí? Parécelle demagogia barata. Por iso propón unha emenda en voz, para que se retire esta moción e se unan a todos os grupos políticos do Parlamento de España que votaron a favor dunha moción súa.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que anuncia que votará a favor da moción. Parécelle lamentable que haxa que presentar mocións, facer concentracións para que se dean conta de que algo están a facer moi mal e que se dean conta de que non se pode bombardear países.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que pensa que o papel que deben facer as forzas políticas municipais é o de sensibilizar á poboación respecto do que está a ocorrer. España, incluíndo Ceuta e Melilla, é a fronteira europea, xunto coa illa de Lampedusa de Italia para as inmigracións de África. Ve ben esta campaña de sensibilización para que a xente sexa consciente das medidas que o Concello pode tomar, tendo en conta que estamos nunha situación de crise que provoca que tamén hai xente en Fene que pasa relativa miseria para poder subsistir, por iso pensa que o Concello debe manifestarse en contra do que está sucedendo e adoptar medidas, dentro das súas posibilidades, para acoller á maior cantidade posible de inmigrantes. Por iso votará a favor desta moción, de igual xeito que a votarían se a moción fose do Partido Popular. Pensa que todas as forzas políticas, agás os partidos xenófobos, están a favor delas.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que nas portas de Europa e no propio continente estase a vivir unha auténtica crise humanitaria sen precedentes dende a II Guerra Mundial. A Unión Europea e a comunidade internacional debe proporcionar unha solución urxente das persoas que foxen da guerra. Por isto o seu grupo votará a favor desta moción, máxime sendo Galicia un pobo que sufriu e sofre a inmigración.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que lle contesta ao voceiro do grupo municipal do PP que non se insta ao alcalde senón ao Concello. Se nos xornais se publicou ao alcalde, pode ser fallo do redactor. Respecto da proposición aprobada o 29.09.2015, dille que a súa moción foi presentada con anterioridade e que, en calquera caso, o que fai é reafirmar esa proposición. Ao seu grupo gustaríalle que este tipo de iniciativas xurdiran en todos os pobos de España e que todo o mundo se manifestara para facer máis fincapé e facer máis sensible ao goberno do Estado español.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle pregunta ao grupo socialista se cando se insta ao Concello están instando á oposición? Dille ao Sr. Ayala que se insta ao Concello, vostede é goberno e a cabeza visible do goberno é o alcalde, polo que non lle vai instar á oposición a que o fagan, débeno facer vostedes que son goberno. Por iso pídelle que non lle diga que no xornal díxose que se insta ao concello, que son vostedes mesmos. En todo caso, isto está aprobado dende o 29.09.2015 e os órganos dos seus



partidos os debían ter informado desta aprobación, o cal é moito máis amplo do que hoxe se presenta aquí. Se o goberno trouxera medidas concretas, como pode ser preguntarlle aos veciños se alguén está disposto a ceder algunha vivenda, a acoller a algún refuxiado ou se hai sitio nas vivendas dos mestres dos colexios, en definitiva, iso é o que ten que facer o goberno, traer medidas concretas e non vir aquí para instarse a el mesmo. Logo din que os gobernos non están facendo nada, igual que o que están a facer vostedes, instándose a si mesmos. Remata dicindo que o seu grupo vaise abster.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que lle di ao voceiro do grupo municipal do PP que considera que o Concello non son só os tres grupos de goberno, tamén son vostedes e que entende que demagogia é dicir se está a favor da proposición e ao mesmo tempo votar en contra dela.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que contesta ao Sr. Ayala Garrido que non dixo que ía votar en contra e que se pensa iso é que non escoitou nada do que dixo. Dixo que estaba de acordo co dito pero non co xeito de presentalo. Isto xa se presentou e agora hai que presentar solucións e non instar. Por outro lado dille que eles son Concello e non goberno como é el.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista, 2 do grupo Somos Fene e 1 do grupo mixto), con 7 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.-Instar ao Goberno de España a:

- **Apoiar todas as vías diplomáticas existentes e promover a creación de cantas resulten necesarias para actuar con determinación na búsqueda da pacificación dos países en conflito.**
- **Traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea. A Unión debe contar coas competencias para abordar en común os instrumentos de ordenación dos fluxos migratorios, a integración e a cooperación con terceiros países, así como unha autoridade capaz de adoptar decisións executivas cando a situación o requira.**
- **Reforzar, dende unha perspectiva europea e nacional, o diálogo e a cooperación cos países do Norte de África que permitan unha adecuada atención ós refuxiados e seguir a traballar para evitar a actuación dos traficantes que poñan en perigo as súas vidas.**
- **Reforzar así mesmo a cooperación cos países en conflito e cos que acollen a un maior número de refuxiados, complementando a asistencia de ACNUR e a Unión Europea.**
- **Aceptar os solicitantes propostos pola Comisión Europea e aumentar de forma inmediata o presuposto destinado ó asilo e a acollida de refuxiados.**
- **Deseñar con urxencia un Plan de acollida humanitaria a refuxiados. Este plan debe ter dispostas prazas de acollida dignas, posibilides de escolarización para os menores, atención sanitaria e social, en colaboración coas CCAA e a FEMP.**
- **Aprobar o antes posible o Regulamento da lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito ó asilo e á protección subsidiaria.**
- **O concello de Fene comprométese a sumarse á denominada rede de cidades-refuxio preparando dispositivos de acollida e invita á cidadanía a implicarse e colaborar na medida das súas posibilidades na atención e axuda ós refuxiados.**
- **Desenvolver unha campaña de sensibilización á poboación española sobre a necesidade de contar cunha política de asilo como parte esencial da democracia, o**



respeto á dignidade humana e ós dereitos humanos, e que así mesmo procure prever a aparición de actitudes racistas ou xenófobas.

- **A Corporación Municipal desenvolverá unha Mesa de Apoio a Refuxiados para realizar un traballo estable e permanente que poña en marcha as diferentes medidas para a mellor atención e apoio ós refuxiados.**
- **Insistir na necesidade de destruír todo o arsenal de armas de destrución masiva ABQ (atómico, bacteriolóxico e químico) a nivel mundial, e pedir ao Goberno español que exhorte a nivel internacional a asinar a Convención sobre Armas Químicas de 1997 a todos aqueles estados que aínda non o teñan feito, entre eles Siria e Israel.**

2.- Esixir ao Goberno do Estado que, non só NON participe nesta intervención militar, nin en ningunha outra, senón que non permita o uso das súas bases militares nin do seu espazo aéreo a ningún país que pretenda atacar a Siria ou a calquera outro país.

3.- Instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.

9. Mocións urxentes

Non se presentan.

10. Rogos e preguntas

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- A comunidade de veciños presentou un escrito sobre as filtracións na rúa Tras do Cádavo e pregunta: en que consisten as queixas?, precisarán algunha actuación municipal?

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que si hai unha queixa duns veciños. Tivo unha xuntanza con eles respecto a un problema que arrastran dende hai anos e que se agravou nestes dous últimos anos. Foi ver a situación, tomáronse fotografías dos danos e os técnicos municipais sinalaron o procedemento correcto para que os veciños fixeran unha queixa formal e a partir desta encargarlle a Viaqua que proceda a facer as comprobacións pertinentes para ver se o dano procede da rede de saneamento municipal e adoptar as medidas correspondentes. Por tanto, coñece a situación dende que os veciños pasaron por aquí a finais de xullo.

- Houbo queixas pola limpeza das praias nos últimos días de setembro. Quere saber se se fixo algunha limpeza logo de que o contrato rematase o 15 de setembro, como facía o seu goberno que as mantiña ata o 30 de setembro.

- Pregúntalle ao alcalde ou ao voceiro do grupo municipal socialista se se fixo algunha xestión respecto dos pasos elevados? acadaron os terreos necesarios para facelos?

Contéstalle o alcalde que respecto dos pasos elevados tanto el como o concelleiro de Obras e Servizos están a revisar toda a documentación que hai, revisar os proxectos para pedir as reunións oportunas cos organismos que corresponden, para levar o asunto estudado e sabendo o que hai que facer en cada sitio. Tamén están revisando os expedientes das posibles expropiacións e posta a disposición dos terreos. Levan escasos 15 días revisando a documentación e di que xa está pedida a reunión correspondente.

- Respecto da cesión da estrada do Ramo da Xunta de Galicia ao Concello, logo da súa reparación, díxose que o Concello faría dúas sendas peonís ata o colexio do Ramo e ata a escola infantil nova. Fíxose algunha xestión coa Xunta de Galicia para recibir dita estrada xa arranxada e respecto da senda peoníl?



Contéstalle o alcalde que á marxe da escola do Carril que é unha obra distinta, pedirán a reunión oportuna coa Xunta de Galicia para ver que posibilidades hai de que sexa superior o tramo que se vai facer do arranxo da senda peonil. Estase valorando a posibilidade de que sexa a Xunta quen faga o arranxo da estrada, pois non ten sentido que arranxen un tramo pequeno cando se vai ceder toda a estrada. Xa hai anos se falou de que o Concello se fixera cargo desta estrada e que a Xunta se fixera cargo dun pequeno tramo do polígono industrial. Por iso a súa intención é intentar que se amplíe o tramo de beirarrúas.

- Respecto da subvención dos parques infantís e o parque biosaudable de San Marcos pregunta se xa está todo finalizado e se o expediente finalizou en prazo e se poden cumprir todos os requisitos?.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que a obra rematou en prazo, está certificada e achégouse a documentación xustificativa á administración. A obra rematouse en prazo a pesar das terribles dificultades e deficiencias do proxecto. Na seguinte Comisión achegaralles as certificacións dos parques e poderán comprobar a diferenza entre o que había que facer e o que se proxectou. En obra corrixíronse algunhas deficiencias pero non todas porque non había forma de que tiveran cabida orzamentaria.

- Por que non chegou o desbroce a Prismos? Di que o tractor desbrozou a zona do Campanario pero no chegou a de Prismos, o que producirá un dobre gasto cando teña que volver.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que neste momento non ten tanto detalle desta información pero ocórrenselle moitas posibilidades, incluso que o operario rematase a súa xornada laboral nesta zona. Non obstante consultará que ocorreu e llo contestará na Comisión ou no Pleno e dille que as directrices respecto dos desbroces son que se limpe a zona e a súa contorna para evitar este tipo de gastos innecesarios.

- Coñeceu pola prensa, aínda que se mencionou na Comisión sen concretar nada máis, que se ía comprobar e liquidar unha taxa aos madeiristas. Pregunta en que vai consistir dita taxa, que módulos se van utilizar e que contía se lles vai aplicar, porque quere lembrarlles que o Concello xa tivo que derrogar unha taxa de saca de madeiras, non pola utilización das pistas. Di que aquela taxa foi establecida polo BNG e non se chegou a cobrar nunca e cando se pretendeu a súa cobranza os madeiristas recorreron e houbo que devolvelas por culpa da Lei de montes. Por iso roga que se miren as cousas con cautela.

Contéstalle o alcalde que estes días se lles repartiu unha nota informativa aos departamentos municipais para saber cales son as obrigas e o que teñen que facer os madeiristas cada vez que vaian facer unha corta. De momento non se está a aplicar a taxa e o que se lles está pedindo é que lle notifiquen ao Concello cada vez que fan unha extracción de madeira e utilicen as vías municipais, para ter identificado quen fixo os traballos no caso de que deixen en mal estado as vías.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille que isto xa se viña facendo e que a nota falaba de aplicar unhas taxas e tramitar unha licenza.

O alcalde dille que non hai taxa e o que se está facendo agora e presentalo por rexistro para que conste e non haxa só o traballo illado dun funcionario.

-Cando se vai facer o pagamento do 30% que resta por pagar das subvencións de concorrencia competitiva do 2013? cando se van convocar?

Contéstalle a concelleira delegada de Cultura e Ensino, Amalia García Balado, que no mes de xullo tiveron unha reunión con todas as asociacións, primeiro para presentarse como grupo e segundo para dicirlles que se ía proceder ao pagamento do 30% do 2013 en base a facturas detalladas, pois non cabía que se trouxera unha factura por un concepto tipo de gasto anual. Cando se comezou a preparar os pagamentos apareceu que varias entidades non tiñan presentado facturas e non se puido facer.

- Hai protestas respecto da nave de Fondomar en Barallobre e quere saber se os veciños viñeron protestar ou solicitar algunha intervención municipal.



Contéstalle o alcalde que estes últimos días entrou por rexistro unha petición duns veciños de Barallobre para falar deste tema.

- Reitéralle ao goberno que quere ter unha copia do programa de goberno e rógalle que o presente ante o Pleno.

Contéstalle o alcalde que logo da súa petición no primeiro ou no segundo Pleno, uns días despois na primeira páxina da web do Concello, onde pon Goberno de Fene, colgouse un apartado exclusivo no que se detallan os acordos e programas do goberno. Di que están publicados dende hai máis de dous meses.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, pregúntalle por que non llo dixo?

Contéstalle o alcalde que se publicou na web municipal dous días despois e pensou que o mirarían porque se lles dixo que se lles ía facilitar.

- Pregúntalle ao alcalde se pensa que un concelleiro só se pode facer cargo das concellerías de Servizos e Obras, xa que Fene ten 14.000 habitantes, na anterior lexislatura había un concelleiro de Servizos e outro de Obras, que non daban feito. Por iso ve con preocupación que hoxe en día se estea facendo cargo unha soa persoa e a tempo parcial. Pregúntalle ao alcalde se considera que manter o goberno así vai ser viable?

Contéstalle o alcalde que pensa que si, que de momento o concelleiro está levando Obras e Servizos e cre que con bastante dilixencia. Se por motivos persoais do concelleiro, de enfermidade ou por outro motivo vise que isto non é posible, sen que o teña que dicir o alcalde, pois cada concelleiro ten a súa responsabilidade e sabe ata onde chega, tomaranse as medidas oportunas.

- Fíxose xa algunha outra xestión sobre o desafuzamento da nave municipal que ocupa Viaqua dende sempre e sen pagar nada por ela?

Contéstalle o alcalde que lle fai gracia a insistencia agora cando este tema leva máis de dez anos. O procedemento iniciado segue adiante e estase pendente de que deixen libre a nave. Pensa que quedará libre nos vindeiros días.

- Na prensa díxose que o goberno quería remunicipalizar o servizo de augas. Sorpréndelle estas declaracións cando foi o BNG quen lle deu a concesión a Viaqua por 20 anos e lle renovou por outros 10 sen sacar o contrata a publicidade. Cando remate esa prórroga, que previsións teñen agora respecto deste servizo? Roga que se trasladen ao papel as consecuencias económicas de rescatar o servizo.

Contéstalle o alcalde que si que o veu na prensa porque este asunto estaba no programa electoral non só do BNG, senón que no de todos os partidos do equipo de goberno. Segue a manter que a súa idea é remunicipalizar o servizo da auga pero haberá que velo, haberá que ver as análises e os custes económicos. Tamén haberá que ter en conta que a Mancomunidade tamén está facendo estudos para ver como xestionar a auga, incluso dende a propia Mancomunidade. Como aínda hai un par de anos por diante, hai tempo para estudar todas as posibilidades que xurdan.

- Houbo unha xuntanza co delegado ou co xefe territorial da consellería de Educación e saíu na prensa que se ía remodelar a cuberta do edificio do colexio do Ramo ao que lle di que iso xa estaba falado co xefe territorial e xa estaba conseguido polo seu goberno. Roga que cando fagan notas de prensa que se maticen cousas como estas.

A continuación a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto do programa do goberno di que lle parece moi ben que estea na páxina web, pero entende que aínda que sexa por deferencia ou cortesía se lles debería ter achegado unha copia dende un principio.



- Respecto do edificio de Fondomar, houbo unha concentración dos veciños o 27.09.2015 na que supón que lle pediron a asistencia a todas as forzas políticas. Por iso roga que se poidan xuntar todos para ver o que realmente necesitan.

- Di que se lles facilitou aos grupos políticos un borrador do orzamento pero quere saber, cando se vai producir unha xuntanza para poder falar deste tema?

Contéstalle o alcalde que o orzamento está pendente de pechar dúas ou tres cousas en materia de persoal e outras cousas. Nuns días espera telos e convocará unha Xunta de Voceiros para logo tratar isto na correspondente Comisión e levalo ao Pleno.

- Está a recibir queixas do mal funcionamento da wifi a nivel xeral, en todas as parroquias.

Contéstalle o concelleiro de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que é certo que hai queixas dos usuarios. É un tema complexo de solucionar por varios motivos, primeiro pola falla de mantemento da propia rede wifi por máis de dous anos e porque a tecnoloxía neste eido avanza constantemente e parte dos equipos xa están desfasados, sendo complexo substituílos. Tamén hai que dicir que houbo cambios normativos nos últimos anos e que a rede non está adaptada á legalidade vixente. Polo tanto, hai dous campos de actuación, primeiro resolver os problemas técnicos para poder emitir e segundo, que non é menor, redefinir dentro do marco actual que tipo de rede se quere ter e que tipo de servizo se quere prestar. A partir de aí hai que ver se é posible prestalo coas instalacións actuais ou orzamentar os custes dos novos equipamentos. En canto á rede actual é un tema de preocupación da concellería dende hai máis de dous meses pero é moi difícil atopar a alguén que se queira facer cargo da reparación puntual da rede, pois as empresas de servizos que consultaron soamente querían oír falar do mantemento. A empresa que levaba o mantemento ata o momento ten un criterio de funcionamento un pouco particular e pretendían incluso cobrar retroactivamente o mantemento da rede e os posibles desperfectos. Finalmente chegouse a un acordo o venres para revisar puntualmente as tres antenas que non están operativas. Estivéronse recollendo os datos dos equipos que fallan para poder achegarlos á empresa para que fagan a primeira avaliación para a súa solución. En todo caso, di que é un problema moi vello e como tal, este tipo de problemas, acábanse complicando.

- Tamén recibiu queixas porque a páxina web do Concello non se visualiza ben dende os teléfonos móbiles. Roga que se revise esta cuestión.

- O campo de fútbol dos Pinares ten problemas de auga quente a partir de media tarde. Roga que se solucione.

Contéstalle o concelleiro de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que estivo no campo de fútbol e o concelleiro de Deportes tamén se preocupou pola situación. O campo ten moitas carencias e necesidades, pero a directiva do Perlió non lle comentou nada da auga quente. Non obstante, toma nota e tentará solucionalo o antes posible, se é o caso.

Contéstalle o concelleiro de Deportes, Participación e Información Cidadá, Transparencia e Comunicación, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que este campo está feito dende hai anos e ten máis problemas que o da auga quente. A directiva do clube trasladoulle problemas estruturais sobre as obras feitas que teñen un custe importante. Tamén pasa algo semellante co pavillón de Barallobre no que aínda hoxe lle deu unha explicación os técnicos no sentido de que o material que se usou xa non se fabrica e non se pode reparar.

- Xa se falou no pasado da posibilidade de que os concelleiros puideran ver no ordenador as entradas que se produzan no Rexistro como se fai en outros Concellos como o de Narón, no que calquera grupo pode consultar o que entra no Rexistro. Pregunta se isto se pode facer? O di porque o outro día solicitou un acceso a un expediente por escrito para o que hai un prazo de cinco días para facilitarlllo o que ralentiza a función dos concelleiros. Non sabe se isto ten algunha regulación pero noutros Concellos non funciona así.

- Hai catro anos cando chegou ao Concello solicitou que se lle achegasen as convocatorias dos Plenos, das Comisións e as de calquera outro órgano por correo electrónico con sinatura electrónica, para que quedase constancia da recepción. Roga que este e o anterior asunto non se deixen de lado e que se poidan avanzar mesmo nunha Xunta de Voceiros.



- Cando se vai convocar a Comisión de Seguridade e Saúde que normalmente se viña facendo en setembro?

Contéstalle a concelleira de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego, Alejandra Permuy Meizoso, que é certo que aínda non se convocou pero nestes días convocárase o Comité de Seguridade e Saúde.

- Hai algún cambio de categorías do persoal de Obras e Servizos?

Contéstalle a concelleira de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego, Alejandra Permuy Meizoso, que non houbo ningún cambio de categoría, o que houbo é unha reasignación de tarefas dalgunha xente.

- Recibiu queixas respecto do persoal que atende as persoas desempregadas do Concello polo que pregunta, que ocorre? houbo usuarios que non foron ben atendidos e que tiveron que ir ao Concello de Mugardos para obter a información que precisaban.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego, Alejandra Permuy Meizoso, que non recibiron ningún tipo de queixa, senón que, ultimamente, todo o contrario. Engade que a orientadora atópase de vacacións.

- O parque do 10 de marzo de San Valentín ten un problema coas raíces das árbores que sobresaen bastante e impide o xogos dos nenos, ademais as ponlas das árbores está a molestar aos veciños, pois están á altura das vivendas.

Contéstalle o concelleiro de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que si son conscientes deste problema, de feito na obra dos parques é posible que este non cumpra debido á presenza das raíces e é imprescindible o seu traslado para que cumpra coa distancia regulamentaria e poida ser certificable, cuestión que non se tivo en conta para a reparación. Por iso, en breve prepararán un plan de actuación para os parques infantís, que incluírá un complemento para a súa remodelación. En canto ao problema das ponlas non lle constaba o dito problema e fará unha inspección da zona para valorar a intervención que sexa precisa.

- A rúa do Regueiro segue a ter o mesmo mal estado que tiña o pavés o mes pasado. Di que estivo consultando a normativa e non cumpre nin nas alturas, nin nas medidas, incluso precisa dunha luz que avise que se está chegando a unha zona de pavés. Reitera a queixa do mes pasado e quere saber como está este asunto.

Contéstalle o concelleiro de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que é un asunto que ten pendente de estudo e espera poderlle dar unha resposta das posibilidades de actuación na zona para o vindeiro Pleno.

- En agosto preguntou pola dirección única do camiño de Orra e se lle contestou que estaba case feito pero levan dous meses e aínda non se fixo nada. Na mesma zona, no lugar de arriba os veciños queixanse polas fochancas que case sempre acababan por arranxar eles. Agora lle dixeron que se arranxou un cacho pequeno coincidindo coa visita de Feijoo a Sillobre.

Contéstalle o concelleiro de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que nestes días decidiron actualizar o censo de camiños que teñen fochancas, tamén teñen orzamentos de empresas para poder facer as obras e esperan que durante este mes se poidan acometer.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego, Alejandra Permuy Meizoso, que están pendentes dos sinais para poder facer a instalación.

- Nos programas dos grupos que forman parte do goberno municipal se levaba a posta en marcha da participación activa dos veciños nos Plenos, así como a retransmisión daqueles a través da radio municipal. Fíxose algo ao respecto?, porque tamén se falaba de facer un órgano de participación social. Iniciouse este proxecto?



Contéstalle o concelleiro de Deportes, Participación e Información Cidadá, Transparencia e Comunicación, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que segundo dixo na Comisión correspondente, está a traballar a nivel comarcal con doce concellos sobre as formas da participación cidadá para establecer un proxecto común. Di que houbo unha xuntanza o pasado martes no Concello de Narón e lémbrale á voceira do grupo mixto que xa lle dixo na Comisión correspondente que se trata dun grupo de traballo de todas as forzas políticas dos concellos da comarca, que inclúen entre outros aos alcaldes e concelleiros de Ferrol, Cabanas, A Capela, Mugarbos, Valdoviño, Narón e demais. Di que Pontedeume non puido asistir pero que están todos convocados. En novembro farán un acto aberto con talleres, conferencias, para facer un modelo de participación dun xeito común con todos os Concellos da Comarca.

- Hai confirmación de que o proxecto do campo de fútbol do Maniños vai ir ao Pleno da Deputación de outubro?

Contéstalle o alcalde que houbo hai uns días unha presentación na Deputación e non vai ir ao Pleno do 08.10.2015 porque se van aprobar os Plans de Obras e Servizos, os Plans de Obra Social e polo menos a última información, que é do luns, se integre no Plan de Acción Social e se farían os trámites dende aí. De todos os xeitos espera que isto non retrase aínda máis as obras.

- Quere rebater o que lle contestou a concellería de Deportes no último Pleno respecto das queixas de atención ao Maniños. Logo de falar co Maniños dixéronlle que invitaron á concellería de Deportes á final da Copa Deputación e non recibiron ningunha resposta. Tamén se lle invitou expresamente, como poñente, a unha xornada sobre deporte, pola súa vinculación co deporte, e tampouco recibiron resposta, non asistiu ninguén. Tamén foi invitado á final da Copa do Maniños e recibiron resposta dunha asistencia que non tivo lugar. Como semella que hai desinterese da concellería roga que dalgún xeito se atenda á xente que trata de facer cousas.

Contéstalle o alcalde que no trofeo do Maniños estivo el entregando os trofeos, é dicir, houbo representación do goberno municipal.

Contéstalle o concelleiro de Deportes, Participación e Información Cidadá, Transparencia e Comunicación, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que facer política deportiva non é asistir aos actos deportivos. Por outro lado, non ten ningún inconveniente en ir aos actos deportivos porque é parte do seu traballo e leva moitos anos facéndoo. O mesmo día daquel acto coincidiu cunha carreira de ciclismo en Sillobre, un partido de fútbol no campo do Perlío e outro partido en Maniños. El foi ao primeiro que o invitaron: Sillobre.

- Quere saber se hai algo avanzado da gala do deporte? Di que isto ía nalgún programa de goberno.

Contéstalle o concelleiro de Deportes, Participación e Información Cidadá, Transparencia e Comunicación, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que a gala anual, como o propio nome indica é anual e terá que ser no 2016 para poder comprender as actividades deportivas deste ano.

- Respecto dos pasos soterrados entre Tellerías e Marqués de Figueroa, onde está Pan Perlío, xa se dixo na anterior lexislatura que aquilo é insoportable e irrespirable. Rogo para que se arranxe este paso.

Contéstalle o concelleiro de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que pasará pola zona para ver as posibilidades de actuación e informala no vindeiro Pleno.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 19.50 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas